

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000003.

Excm. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 29 de xaneiro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

ALCALDÍA

1. NOMEAMENTO DUN REPRESENTANTE DO CONCELLO DE LUGO NO PADROADO DA FUNDACIÓN OBRA SOCIAL ABANCA.

PLANEAMENTO

2. MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO URPI-58 (COSTAS DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO). APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E REPOSTOS DIVERSOS PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS E MÁQUINAS DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE REF 2022-C004-000029. PRORROGA DO CONTRATO DENDE 24 DE MARZO DE 2025 ATA O 23 DE MARZO DE 2026.

4. CONTRATACIÓN DUN SEGURO DE DE VEHÍCULOS E MÁQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5254544602683912786.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-1-2025

DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF 2024-C003-000039.

5. CONTRATACIÓN DA CESIÓN DO DEREITO DE USO DA LICENZA PARA USO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA "PORTALEMP". APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2025-C004-000002.

6. CONTRATO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSCRICIÓN DE ACTAS DO PLENO E DAS COMISIÓNS DO PLENO, QUE ASÍ O REQUIRAN, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. Exp. ref.: 2021/C003/000040. TERCEIRA e DERRADEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO dende o 16-02-2025 ata o 15-02-2026.

7. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA (LOTE 2) NO FOGAR DO TRANSEUNTE. EXP. REF. 2024/C004/000008. 2ª E DERRADEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 04/02/2025 ATA O 03/06/2025.

8. CONTRATACIÓN DO ALUGUER E MANTEMENTO DE DEZ CABINAS SANITARIAS A INSTALAR EN ZONAS VERDES PÚBLICAS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C004-000001.

FOMENTO

9. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ISIDRO NOVO DE LUGO.

PERSOAL

10. DECLARAR DESERTO O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE AXUDANTE/A COCIÑA-LIMPEZA INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

11. REXISTRO MUNICIPAL DE PERSOAS VENDEDORAS DO MERCADO DE FRIGSA 2025.

12. RELACIÓN DE PERSOAS VENDEDORAS DO MERCADO DE ANTIGÜIDADES 2025.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira,

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5254544602683912786.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-1-2025

sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,